



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 206

VII lexislatura

28 de setembro de 2006

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Admisión a trámite, asignación á Comisión e apertura do prazo para a presentación de emendas

- 07/PL-0015 (12801)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 2/2000, do 21 de decembro, pola que se crea a escala de axentes facultativos medioambientais da Xunta de Galicia

22096

- 07/PL-0016(12802)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2007-2011

22104

3. Procedementos de control e impulso

3.5. Mocións

- 07/MOC-0035 (12813)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ruíz Rivas, Manuel Santos

Sobre o colapso producido no Centro de Atención de Emerxencias 112 durante a vaga de lumes forestais que asolou Galicia no pasado mes de agosto. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 12078, publicada no BOPG núm. 191, do 06.09.2006, e debatida no Pleno do 19.09.2006)

22151

- 07/MOC-0036(12814)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Santalices Vieira, Miguel Ángel

Sobre a deterioración asistencial en determinados servizos dos hospitais e especialmente do Complexo Hospitalario de Pontevedra. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 11442, publicada no BOPG núm. 184, do 23.08.2006, e debatida no Pleno do 19.09.2006)

22153

3.6. Proposicións non de lei**3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno****Proposicións non de lei en Pleno por vía de urxencia**

- 07/PNP-0206 (12762) (12766)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Bernardo Tahoces, Ángel e 7 deputados máis
Sobre o establecemento da sede do Centro de Reciclaxe de Avións
no aeródromo de Rozas 22155

3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión**Proposicións non de lei en Comisión por vía de urxencia**

- 07/PNC-0193 (12650)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Ruíz Rivas, Manuel Santos
Sobre a dotación de recursos orzamentarios para a posta en funcionamento dos parques comarcais do Morrazo, O Porriño, Cee, Xinzo, O Carballiño e Barreiros, así como para a reparación dos danos causados nos medios de extinción dos que dispoñen os parques comarcais operativos na loita contra os incendios forestais 22160
- 07/PNC-0194(12651)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Ruíz Rivas, Manuel Santos
Sobre a actualización do Plan especial de protección civil ante emerxencias polos incendios forestais e o estrito cumprimento do seu contido 22165
- 07/PNC-0200(12808)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Bernardo Tahoces, Ángel e 2 deputados máis
Sobre a modificación da aplicación a Navantia do límite ao 20% da facturación para a construción civil, así como o seu modelo de reparto da carga de traballos entre os seus estaleiros e a autorización pola Unión Europea da construción de buques gaseiros nos estaleiros de Ferrol 22169

4. Procedementos de información**4.1. Solicitudes de comparecencia****4.1.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno**

- 07/PPP-0150 (12803)
Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias
Do Sr. conselleiro do Medio Rural, para informar dos proxectos singulares e dinamizadores que se están desenvolvendo no noso territorio 22174
- 07/PPP-0151(12804)
Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias
Do Sr. vicepresidente da Igualdade e do Benestar, para informar da situación na que se atopa a posta en marcha do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar 22175

4.1.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

- 07/CPC-0130(12758)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Do Sr. secretario xeral da Consellaría de Medio Rural para dar conta das circunstancias que concorreron na indemnización e readmisión, en execución da sentenza do Tribunal Constitucional, de 126 veterinarios que foran despedidos no 2002. 22176

4.2. Interpelacións**Interpelacións por vía de urxencia**

- 07/INT-0098 (12725)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Sobre a posible desaparición dos xulgados de paz dos concellos que non son cabeceiras de agrupacións 22178
- 07/INT-0100(12809)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Castro García, Roberto e Castiñeira Broz, Jaime
Sobre as declaracións do Sr. director xeral de Montes e Industrias Forestais na Comisión parlamentaria de Estudo dos Incendios Forestais 22180

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Admisión a trámite, asignación á Comisión e apertura do prazo para a presentación de emendas

A Mesa do Parlamento, na reunión do 26 de setembro de 2006, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite:

07/PL-0015 (12801)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 2/2000, do 21 de decembro, pola que se crea a escala de axentes facultativos medioambientais da Xunta de Galicia

Examinado o devandito proxecto, e verificado que reúne a documentación e os antecedentes previstos no artigo 111 do Regulamento

A Mesa, por unanimidade, acorda:

1.º Admitir a trámite o devandito proxecto de lei polo procedemento lexislativo ordinario.

2.º Oír a Xunta de Portavoces para a súa asignación á Comisión e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3.º Logo de oída a Xunta de Portavoces o día 26 de setembro de 2006, asígnase á Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, e ábrese o prazo regulamentario de 15 días hábiles para a presentación de emendas, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. O prazo remata o día 17 de outubro de 2006, ás 18.30 horas.

- 07/PL-0016(12802)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2007-2011

Examinado o devandito Proxecto, verificado que reúne a documentación e antecedentes previstos no artigo 111 do Regulamento

Examinado o devandito proxecto, e verificado que reúne a documentación e os antecedentes previstos no artigo 111 do Regulamento

A Mesa, por unanimidade, acorda:

1.º Admitir a trámite o devandito proxecto de lei polo procedemento lexislativo ordinario.

2.º Oír a Xunta de Portavoces para a súa asignación á Comisión e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3.º Logo de oída a Xunta de Portavoces o día 26 de setembro de 2006, asígnase á Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos, e ábrese o prazo regulamentario de 15 días hábiles para a presentación de emendas, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. O prazo remata o día 17 de outubro de 2006, ás 18.30 horas.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2006

Dolores Villarino Santiago

Presidenta

3. Procedementos de control e impulso

3.5. Mocións

A Mesa do Parlamento, na reunión do 26 de setembro de 2006, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite:

- 07/MOC-0035 (12813)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ruíz Rivas, Manuel Santos

Sobre o colapso producido no Centro de Atención de Emerxencias 112 durante a vaga de lumes forestais que asolou Galicia no pasado mes de agosto. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 12078, publicada no BOPG núm. 191, do 06.09.2006, e debatida no Pleno do 19.09.2006)

A Mesa, por unanimidade, acorda a súa admisión a trámite e cualifícaa como moción, congruente coa interpelación da que é consecuencia.

- 07/MOC-0036(12814)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Santalices Vieira, Miguel Ángel

Sobre a deterioración asistencial en determinados servizos dos hospitais e especialmente do Complexo Hospitalario de Pontevedra. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 11442, publicada no BOPG núm. 184, do 23.08.2006, e debatida no Pleno do 19.09.2006)

A Mesa, por unanimidade, acorda a súa admisión a trámite e cualifícaa como moción, congruente coa interpelación da que é consecuencia.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2006

María Tereixa Paz Franco

Vicepresidenta 1.^a

3.6. Proposicións non de lei

3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

Proposicións non de lei en Pleno por vía de urxencia

A Mesa do Parlamento, na reunión do 26 de setembro de 2006, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite con carácter de urxencia ao abeiro do artigo 98:

- 07/PNP-0206 (12762) (12766)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Bernardo Tahoces, Ángel e 7 deputados máis

Sobre o establecemento da sede do Centro de Reciclaxe de Avións no aeródromo de Rozas

A Mesa, por unanimidade, acorda a súa admisión a trámite e cualifícaa como proposición non de lei ante o Pleno con carácter de urxencia ao abeiro do artigo 98.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2006

María Tereixa Paz Franco

Vicepresidenta 1.^a

3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

Proposicións non de lei en Comisión por vía de urxencia

A Mesa do Parlamento, na reunión do 26 de setembro de 2006, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite con carácter de urxencia:

- 07/PNC-0193 (12650)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ruíz Rivas, Manuel Santos

Sobre a dotación de recursos orzamentarios para a posta en funcionamento dos parques comarcais do Morrazo, O Porriño, Cee, Xinzo, O Carballiño e Barreiros, así como para a reparación dos danos causados nos medios de extinción dos que dispoñen os parques comarcais operativos na loita contra os incendios forestais

Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 07/PNC-0194(12651)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ruíz Rivas, Manuel Santos

Sobre a actualización do Plan especial de protección civil ante emerxencias polos incendios forestais e o estrito cumprimento do seu contido

Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 07/PNC-0200(12808)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Bernardo Tahoces, Ángel e 2 deputados máis

Sobre a modificación da aplicación a Navantia do límite ao 20% da facturación para a construción civil, así como o seu modelo de reparto da carga de traballos entre os seus estaleiros e a autorización pola Unión Europea da construción de buques gaseiros nos estaleiros de Ferrol

Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2006

María Tereixa Paz Franco

Vicepresidenta 1.^a

4. Procedementos de información

4.1. Solicitudes de comparecencia

4.1.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

A Mesa do Parlamento, na reunión do 26 de setembro de 2006, adoptou os seguintes acordos:

Coñecemento pola Mesa:

- 07/CPP-0150 (12803)

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Do Sr. conselleiro do Medio Rural, para informar dos proxectos singulares e dinamizadores que se están desenvolvendo no noso territorio

A Mesa toma coñecemento e acorda o seu traslado á Xunta de Portavoces, ao abeiro do artigo 144 do Regulamento

- 07/CPP-0151(12804)

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Do Sr. vicepresidente da Igualdade e do Benestar, para informar da situación na que se atopa a posta en marcha do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

A Mesa toma coñecemento e acorda o seu traslado á Xunta de Portavoces, ao abeiro do artigo 144 do Regulamento

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2006

María Tereixa Paz Franco

Vicepresidenta 1.^a

4.1.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

A Mesa do Parlamento, na reunión do 26 de setembro de 2006, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite:

- 07/CPC-0130(12758)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do Sr. secretario xeral da Consellaría de Medio Rural para dar conta das circunstancias que concorreron na indemnización e readmisión, en execución da sentenza do Tribunal Constitucional, de 126 veterinarios que foran despedidos no 2002.

A Mesa por unanimidade acorda a súa admisión a trámite e o seu traslado á Mesa da Comisión, para os efectos establecidos no artigo 44 do Regulamento do Parlamento de Galicia. Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2006

María Tereixa Paz Franco

Vicepresidenta 1.^a

4.2. Interpelacións

Interpelacións por vía de urxencia

A Mesa do Parlamento, na reunión do 26 de setembro de 2006, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite con carácter de urxencia ao abeiro do artigo 98:

- 07/INT-0098 (12725)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sobre a posible desaparición dos xulgados de paz dos concellos que non son cabeceiras de agrupacións

A Mesa, por unanimidade, acorda a súa admisión a trámite con carácter de urxencia, ao abeiro do artigo 98 do Regulamento do Parlamento, e cualifícao como interpelación.

- 07/INT-0100(12809)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castro García, Roberto e Castiñeira Broz, Jaime

Sobre as declaracións do Sr. director xeral de Montes e Industrias Forestais na Comisión parlamentaria de Estudo dos Incendios Forestais

A Mesa, por unanimidade, acorda a súa admisión a trámite con carácter de urxencia, ao abeiro do artigo 98 do Regulamento do Parlamento, e cualifícao como interpelación.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2006

María Tereixa Paz Franco

Vicepresidenta 1.^a





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Pazo de Raxoi
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 49 19

RS/mv



Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia achégolle o **"Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 2/2000, do 21 de decembro, polo que se crea a escala de axentes facultativos ambientais da Xunta de Galicia"**, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 7 de setembro de 2006.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co Visto e Prace do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2006.

O director xeral de Relacións Parlamentarias,



Manuel Guillermo Varela Flores.

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia.-



XUNTA DE GALICIA

JOSÉ LUÍS MÉNDEZ ROMEU, CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E SECRETARIO DO
CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICO:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día sete de setembro de dous mil seis adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

“Aprobar o Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 2/2000, do 21 de decembro, polo que se crea a escala de axentes facultativos ambientais da Xunta de Galicia e a súa remisión ao Parlamento de Galicia”.

E para que conste asino a presente, co visto e prace do Sr. Presidente. en Santiago de Compostela, a sete de setembro de dous mil seis.

Vº e Prace
O PRESIDENTE



XUNTA DE GALICIA



**PROXECTO DE LEI POLA QUE SE MODIFICA A LEI
2/2000, DO 21 DE DECEMBRO, POLA QUE SE CREA A
ESCALA DE AXENTES FACULTATIVOS
MEDIOAMBIENTAIS DA XUNTA DE GALICIA.**



Preámbulo

A Lei 2/2000, do 21 de decembro, creou a escala de axentes facultativos medioambientais da Xunta de Galicia, que establece no seu artigo 2.1 que, para o ingreso na escala, se requirirá estar en posesión do título de técnico superior en xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos ou da titulación de técnico especialista equivalente. O número 2 do artigo engade que “sen prexuízo do disposto no punto anterior, de conformidade co establecido na disposición adicional vixésimo segunda da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, o acceso á escala poderá levarse a cabo a través da promoción interna desde a escala de axentes forestais da Xunta de Galicia, como escala do grupo D da mesma área de actividade”.

A disposición transitoria da Lei 2/2000 prevé que os funcionarios de carreira que no momento da entrada en vigor da lei pertencían á escala de axentes forestais do corpo de auxiliares facultativos da Xunta de Galicia poderán integrarse na escala de axentes facultativos da Xunta de Galicia, sempre que cumpran cos requisitos de acceso establecidos na disposición adicional vixésimo segunda da Lei 30/1984.


O parágrafo segundo da disposición adicional prevé, para tal efecto, a convocatoria de, como máximo, dous procesos selectivos de promoción que lle permita acceder á escala de axentes facultativos medioambientais ao persoal da escala de axentes forestais que os supere.

No tempo transcorrido desde a entrada en vigor da Lei 2/2000, as circunstancias que aconsellaron a redacción da devandita disposición transitoria resultaron alteradas por dúas circunstancias fundamentais: pola cobertura de cen postos vacantes da escala de axentes forestais en virtude do proceso selectivo convocado pola Orde do 18 de decembro de 2001 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no corpo de auxiliares técnicos da Xunta de Galicia (grupo D), escala de axentes forestais e, así mesmo, pola promulgación da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, na cal se indica o deber de fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en sectores onde as primeiras estean subrepresentadas.

En virtude do exposto, é conveniente darlle unha nova redacción á disposición transitoria única da Lei 2/2000, do 21 de decembro, a través dunha simple modificación puntual, que, á marxe de responder a estas novas circunstancias, manteña un dos obxectivos previstos na súa propia exposición de motivos relativos á tutela e á xestión dos recursos naturais renovables e mais á conservación do medio ambiente de Galicia, contando con efectivos cun nivel de formación axeitada cos que atender as crecentes demandas de actuacións administrativas especializadas neste campo. Ademais, a través



XUNTA DE GALICIA



desta norma trátase de facer efectivo o principio de promoción da muller en áreas subrepresentadas, neste suposto, a escala de axentes facultativos medioambientais.



Artigo único.

Modifícase a disposición transitoria única da Lei 2/2000, do 21 de decembro, pola que se crea a escala de axentes facultativos medioambientais da Xunta de Galicia, que queda redactada como segue:

“Disposición transitoria única

Os funcionarios de carreira pertencentes á escala de axentes forestais do corpo de auxiliares técnicos da Xunta de Galicia, sempre que cumpran os requisitos de acceso establecidos na disposición adicional vixésimo segunda da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, poderán integrarse na escala de axentes facultativos medioambientais. O curso específico de formación a que se refire esta disposición adicional estará homologado e impartido directamente por persoal cualificado das administracións públicas.

Para tal efecto computaranse como servizos na escala os desempeñados en calidade de persoal interino na Xunta de Galicia en postos reservados á escala de axentes forestais.

A Xunta de Galicia convocará un máximo de dous procesos selectivos de promoción que lle permita acceder á escala de axentes facultativos medioambientais ao persoal que, sendo funcionario nese momento, os supere, establecéndose como límite temporal para a convocatoria por este sistema o 1 de xullo de 2009.


De acordo co disposto no art. 38 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade das mulleres e homes, na valoración dos procesos selectivos de promoción procurarase que, de existiren méritos iguais entre dous ou máis candidatos, sexan admitidas as mulleres, salvo que, considerando obxectivamente todas as circunstancias concorrentes nos candidatos de ambos os sexos, existisen motivos non discriminatorios para preferir o home. Entre os méritos dos que concorran ás probas de promoción interna valorarase especialmente que estean utilizando, ou utilizasen nos últimos cinco anos, unha licenza de maternidade, un permiso de paternidade, unha redución de xornada ou unha excedencia para o coidado de familiares.

Así mesmo, a Xunta de Galicia procederá a modificar a relación de postos de traballo da consellería da cal dependan funcionalmente, de tal modo que os funcionarios que en virtude destes procesos accedan á escala superior continúen adscritos aos postos de traballo que viñeran desempeñando con carácter definitivo no momento da súa integración.”



Disposición derogatoria.

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ao disposto nesta lei.






XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.



Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia,
Admón. Públicas e Xustiza





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Pazo de Raxoi
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 49 19



Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia achégolle o "**Proxecto de lei do Plan Galego de Estatística 2007-2011**", aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 14 de setembro de 2006.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co Visto e Prace do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2006.

O director xeral de Relacións Parlamentarias,



Manuel Guillermo Varela Flores.

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia.-



XUNTA DE GALICIA

JOSÉ LUÍS MÉNDEZ ROMEU, CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E SECRETARIO DO
CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICO:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día catorce de setembro de dous mil seis adoptou, entre outros, o seguinte acordo:


“Aprobar, de conformidade co establecido no artigo 4.3 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, o *Proxecto de lei do Plan Galego de Estatística 2007-2011*, e a súa remisión ó Parlamento de Galicia para a súa tramitación.”

E para que conste asino a presente, co visto e praxe do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela a catorce de setembro de dous mil seis.

Visto e praxe
O PRESIDENTE



XUNTA DE GALICIA



PROXECTO DE LEI DO PLAN GALEGO DE ESTATÍSTICA 2007-2011



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Estatuto de Autonomía de Galicia dispón no seu artigo 27, número 6, que á Comunidade Autónoma galega correspóndelle a competencia exclusiva da "*Estatística para os fins da Comunidade Autónoma galega*".

En aplicación deste artigo o Parlamento aprobou a Lei 9/1988, de Estatística de Galicia, na que se regula a actividade estatística da Comunidade Autónoma, modificada pola Lei 7/1993 e pola Lei 10/2001. Nesta normativa establécese que o Plan Galego de Estatística é o instrumento da ordenación e planificación desta actividade, mediante a progresiva constitución do sistema estatístico, entendendo por tal o conxunto ordenado e integrado de métodos, procedementos e resultados dos seus diferentes axentes institucionais.

Ata o momento, o Parlamento de Galicia aprobou dous plans, correspondentes aos períodos 1998-2001 e 2002-2006, que fixaban unha serie de obxectivos, xerais e específicos, que se concretaron nos programas estatísticos anuais.

Esgotado o segundo plan de estatística, procede a aprobación dun novo mediante a presente Lei que, a través dun sistema de planificación por obxectivos, pretende a creación, organización e difusión do coñecemento estatístico acorde ás necesidades das institucións públicas, dos axentes económicos e sociais e dos cidadáns en xeral. Para a consecución deste fin, establécense obxectivos xerais de tres tipos: informativos, organizativos e instrumentais.



Os primeiros concretáanse a través de metas estatísticas que pretenden dar resposta ás necesidades do conxunto da sociedade galega desta información. Con elas búscase dotar de flexibilidade ao Plan, para se adaptar a unha realidade tan cambiante como a actual, así como para ofrecer solucións axeitadas aos escenarios que poidan xurdir da reflexión que se está a producir sobre o sistema estatístico no conxunto do Estado e sobre a súa articulación co europeo.

A finalidade dos segundos é contribuír á estruturación e ao desenvolvemento da organización estatística de Galicia, potenciando a coordinación e colaboración institucional coas entidades públicas territoriais e non territoriais galegas, estatais, europeas e internacionais relacionadas coa estatística.

Por último, os obxectivos instrumentais procurarán asegurar a calidade e conexión do sistema estatístico cos usuarios.

A actividade que se realice en desenvolvemento deste Plan axustarase aos principios e garantías de interese público, obxectividade e corrección técnica, obriga de colaboración, segredo estatístico e difusión dos resultados, establecidos no capítulo III da Lei de Estatística de Galicia, así como ás recomendacións do Código de Boas Prácticas das Estatísticas Europeas, adoptado o 24 de febreiro de 2005 polo Comité do Programa Estatístico da Comisión Europea.


Así mesmo, debe prover información para que os cidadáns poidan exercer os seus dereitos, orientar a creación de riqueza e benestar, potenciar a creación de coñecemento e favorecer a toma de decisións.

Esta Lei estrutúrase en tres capítulos, dúas disposicións transitorias, unha disposición derogatoria, catro disposicións finais e tres anexos. Nos capítulos I e II recóllense as disposicións xerais e os obxectivos do Plan respectivamente, mentres que o capítulo III regula a estrutura e o desenvolvemento do mesmo. Nos anexos figuran a estrutura



XUNTA DE GALICIA

temática do Plan, a relación de metas de información estatística nas que se desenvolven os obxectivos específicos a acadar e, por último, un conxunto de definicións.





XUNTA DE GALICIA

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Ordenación e planificación

O Plan Galego de Estatística 2007-2011, regulado por esta Lei, é o instrumento de ordenación e planificación da actividade estatística da Comunidade Autónoma de Galicia.



Artigo 2. Colaboración institucional

O Plan Galego de Estatística 2007-2011 constitúe o marco da colaboración institucional entre as distintas entidades que forman parte da organización estatística de Galicia e destas con outras entidades públicas locais, autonómicas ou estatais, así como europeas ou internacionais.



Artigo 3. *Periodo de aplicación*

1. O Plan Galego de Estatística 2007-2011 formula os seus obxectivos para o período de tempo comprendido entre o 1 de xaneiro de 2007 e o 31 de decembro de 2011. Non obstante, quedará prorrogado ata a entrada en vigor do seguinte, no suposto de non aprobarse un novo Plan ao seu vencemento.

2. Para o desenvolvemento deste Plan, o Consello da Xunta aprobará programas estatísticos anuais.



Artigo 4. *Metas de información e operacións estatísticas*

O Plan inclúe as metas relacionadas no anexo II, que constitúen obxectivos específicos de información. Estas metas serán satisfeitas mediante as operacións dos programas e outras actividades estatísticas. A definición destes dous conceptos figura no anexo III.



Artigo 5. Execución

1. A Xunta de Galicia, os seus organismos e mailas entidades públicas territoriais e non territoriais galegas elaborarán as operacións encomendadas nos programas anuais e as outras actividades estatísticas que desenvolvan as metas de información, directamente ou en colaboración con outras entidades públicas ou privadas, mediante a formalización de acordos, convenios ou contratos. Todos eles quedarán obrigados ao cumprimento do segredo estatístico, aínda despois de concluír os devanditos acordos, convenios ou contratos.

2. O Instituto Galego de Estatística será, con carácter xeral, o órgano responsable daquelas operacións cuxo ámbito de investigación implique simultaneamente varios sectores económicos ou ámbitos sociais. As operacións de carácter sectorial serán executadas preferentemente polos departamentos, organismos ou entidades públicas competentes na materia.



CAPÍTULO II

Obxectivos do Plan estatístico

Artigo 6. Obxectivo central

O obxectivo central do Plan é desenvolver e consolidar o sistema estatístico galego e conseguir un conxunto coherente, rigoroso e actualizado de datos que responda ás demandas de información das institucións públicas, dos axentes económicos e sociais e dos cidadáns en xeral, axeitándose aos criterios de economía e de aproveitamento das fontes existentes, minimizando as molestias aos cidadáns e garantindo o segredo estatístico.



Artigo 7. *Obxectivos informativos*

Estes obxectivos diríxense a dar resposta a campos de coñecemento para o desenvolvemento e o benestar, contribuíndo en concreto a:

- a) Mellorar e sintetizar a información relativa ao territorio, aos recursos naturais e ao medio ambiente.
- b) Afondar no coñecemento da realidade demográfica de Galicia e da súa evolución futura.
- c) Analizar distintos ámbitos sociais en canto a nivel, calidade, condicións de vida, accesibilidade á vivenda, saúde, educación e cultura.
- d) Progresar no coñecemento do mercado de traballo e das súas tendencias.
- e) Consolidar o coñecemento da estrutura produtiva: evolución, compoñentes básicos e relacións con outras economías.
- f) Ampliar o coñecemento dos sectores produtivos de mercado máis relevantes.
- g) Mellorar a información sobre a actividade realizada polas administracións públicas e o sector non lucrativo.
- h) Avanzar no coñecemento das relacións comerciais con outros mercados, a posición competitiva, así como as súas expectativas.
- i) Contribuír ao coñecemento da dinámica económica, financeira e estratéxica, que seguen as actividades empresariais, afondando na situación competitiva da empresa.
- j) Consolidar e ampliar a información relativa a ciencia e tecnoloxía, en particular sobre investigación e desenvolvemento tecnolóxico e innovación.
- k) Progresar no desenvolvemento de indicadores da inserción dos cidadáns, axentes sociais e empresas na sociedade da información.



l) Avanzar ata a consideración de xénero como unha parte integrante da actividade estatística. Neste senso, as operacións nas que se contemplan datos sobre persoas deberán de recollese e difundirse por sexo.



Artigo 8. *Obxectivos organizativos*

1. Estes obxectivos dirixense a conseguir un uso máis racional dos recursos e das informacións dispoñibles polas distintas administracións públicas, e son os seguintes:

a) Consolidar a organización estatística de Galicia, para garantir o dereito de acceso dos cidadáns á información subministrada por esta, o rigor e a corrección técnica das operacións realizadas, a difusión dos resultados, o segredo estatístico e maila seguridade no almacenamento e na transmisión desta información.

b) Potenciar a colaboración cos axentes locais e cos diferentes órganos, entidades e institucións nacionais ou internacionais relacionadas coa estatística, coa finalidade de impulsar, intercambiar e aplicar coñecementos e prácticas, e especificamente, as relativas á estatística elaborada en e para Galicia.

c) Fomentar un uso máis eficiente dos rexistros das distintas administracións públicas.

2. No ámbito das súas competencias e se o considera de interese para o cumprimento dos obxectivos deste Plan, o Instituto Galego de Estatística poderá solicitar a colaboración do Instituto Nacional de Estadística e doutras entidades e organizacións autonómicas, estatais, europeas ou internacionais. Farase especial énfase na cooperación transfronteiriza en materia estatística coa rexión norte de Portugal.



Artigo 9. *Obxectivos instrumentais*

Os obxectivos instrumentais diríxense a desenvolver aquelas actividades necesarias para asegurar a calidade e conexión do sistema estatístico cos usuarios, e son os seguintes:

- a) Responder aos intereses lexítimos dos axentes deseñando a actividade estatística consonte as súas necesidades, ofrecendo retornos de valor e minimizando as molestias aos informantes.
- b) Difundir as operacións en curso dos Programas, de acordo cun calendario prefixado, para reforzar a transparencia e puntualidade das estatísticas.
- c) Divulgar axeitadamente a información estatística de carácter oficial que teña como referencia Galicia.
- d) Sensibilizar á sociedade galega mediante servizos e actividades que potencien o coñecemento a través da estatística.
- e) Impulsar a investigación estatística, tanto en aspectos metodolóxicos e históricos coma noutros temas de interese para a Comunidade Autónoma, que contribúan a mellorar o coñecemento da súa realidade demográfica, social, económica e ambiental.
- f) Promover a normalización, homoxeneidade e posibilidade de comparación da información proporcionada polo sistema estatístico de Galicia respecto do estatal e do europeo.
- g) Consolidar a estruturación informática integrada do sistema estatístico de Galicia e ampliar o desenvolvemento de sistemas de información.
- h) Contribuír ao desenvolvemento da sociedade da información, proporcionando a oferta estatística coma un servizo de administración electrónica.



i) Desenvolver a referenciación territorial da información estatística de Galicia, baseándose nos métodos xeográficos dispoñibles, avanzando na desagregación territorial das operacións realizadas.

j) Consolidar os directorios de unidades estatísticas.



CAPÍTULO III

Estrutura e desenvolvemento do Plan estatístico

Artigo 10. *Estrutura do Plan*

As metas de información estatística estrutúranse nas áreas e seccións temáticas recollidas no anexo I.



Artigo 11. *Definición dos Programas anuais*

Os programas incorporarán a relación de operacións dirixidas a acadar as metas, así como o seu estado segundo se define no anexo III. Así mesmo, poderán incluír outras actividades vencelladas aos obxectivos do Plan. No programa determinarase para cada operación en curso o seguinte:

- a) As metas de información
- b) Os obxectivos concretos
- c) Os ámbitos de investigación
- d) A periodicidade
- e) O organismo ou organismos responsables da súa execución
- f) O orzamento estimado
- g) De ser o caso, as persoas ou entidades obrigadas á subministración de información, así como a forma e os prazos nos que se deben subministrar a mesma
- h) A forma e os prazos de difusión



Artigo 12. *Proxecto técnico*

1. As operacións que se inclúan nos programas anuais, agás as que se incorporen en proxecto ou en reestruturación, disporán do seu correspondente proxecto técnico, que terá carácter público.

2. Os proxectos técnicos sistematizarán os procedementos de execución de cada operación e deberán ser informados polo Instituto Galego de Estatística, no caso de que aquela non sexa da súa responsabilidade.

3. O Instituto Galego de Estatística, de acordo cos seus recursos, prestará asistencia na redacción dos proxectos das operacións do resto dos axentes do sistema.

4. Coa finalidade de construír un sistema integrado de contas económicas, o Instituto Galego de Estatística deberá participar na elaboración e execución de todos os proxectos técnicos relativos ás operacións de síntese desta clase.

5. Os proxectos técnicos someteranse á consideración do Consello Galego de Estatística.



Artigo 13. *Aprobación e vixencia dos programas estatísticos anuais*

1. O proxecto do programa anual será elaborado polo Instituto Galego de Estatística, logo do informe do Consello Galego de Estatística.
2. Correspóndelle ao Consello da Xunta, a proposta do Conselleiro de Economía e Facenda, aprobar por decreto os programas anuais.
3. A vixencia de cada programa anual coincidirá co ano natural, sen prexuízo da súa prórroga, respecto das operacións que pola súa natureza sexa necesario continuar.



Artigo 14. Seguimento e avaliación dos programas anuais

1. O Instituto Galego de Estatística realizará un informe de seguimento de cada programa anual para a súa consideración polo Consello Galego de Estatística.

2. Así mesmo, elaborará un informe de avaliación do Plan Galego de Estatística 2007-2011 unha vez finalizado, que someterá á consideración do Consello Galego de Estatística e porá en coñecemento do Parlamento de Galicia



Artigo 15. Operacións estatísticas oficiais e aprobación de resultados

1. As operacións incluídas nos programas anuais con proxecto técnico consideraranse oficiais trala publicación dos seus resultados.

2. Os resultados das operacións oficiais que sexan de aplicación obrigatoria ás relacións e situacións xurídicas nas que a Comunidade Autónoma teña competencia para impoñelos, deberán ser obxecto de aprobación expresa de acordo co seguinte procedemento:

2.1. As propostas de aprobación deben ser presentadas previamente polos organismos responsables no Instituto Galego de Estatística, que emitirá un informe preceptivo sobre o cumprimento das normas estatísticas que sexan aplicables.

2.2. Para a elaboración deste informe o Instituto Galego de Estatística poderá requirir toda a información que considere necesaria do organismo ou da entidade pública responsable da operación.

2.3. Se o informe é favorable o Instituto Galego de Estatística aprobará con carácter provisional os resultados do que se informará ao Consello Galego de Estatística e ao Consello da Xunta. Se transcorrido o prazo de tres meses non se reciben obxeccións expresas, quedarán aprobados definitivamente e serán publicados no Diario Oficial de Galicia.



Artigo 16. *Outras actividades estatísticas*

O Instituto Galego de Estatística poderá solicitar información á Xunta de Galicia, aos seus organismos e ás entidades públicas territoriais e non territoriais galegas sobre outras actividades e recursos de interese estatístico, coa finalidade de contribuír a un maior coñecemento desta información e proceder ao seu inventario, de ser o caso.



Artigo 17. *Datos de orixe administrativa*

Cando sexa necesario, os organismos responsables poderán acceder aos recursos e fontes de carácter administrativo, para levar a cabo as operacións contempladas nos programas anuais.



Artigo 18. Cesión da información estatística

A información sometida ao segredo estatístico nos termos que establece a Lei de Estatística de Galicia só poderá cederse para a elaboración dunha operación incorporada nos Programas anuais á unidade responsable da súa realización sempre que forme parte da organización estatística de Galicia.



Artigo 19.

Convenios e acordos en materia estatística

1. O Instituto Galego de Estatística deberá ser informado con carácter previo de todos os convenios e acordos que, en materia estatística, celebre calquera órgano da administración autonómica.

2. As actividades estatísticas derivadas de convenios ou acordos que celebre a administración autonómica, poderán quedar amparados por esta Lei e incluírse nos programas anuais.



DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA

A designación dos órganos estatísticos sectoriais prevista na disposición final primeira da presente Lei levarase a cabo nun período máximo de dous anos desde a súa entrada en vigor.



DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA

Transcorrida a vixencia de dous Programas deste Plan, para a súa inclusión en Programas posteriores, as operacións deberán dispor do seu correspondente proxecto técnico informado polo Instituto Galego de Estatística, agás as que se incorporen aos Programas en proxecto ou en reestruturación.



DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao previsto na presente Lei e, expresamente, a Lei 10/2001, do 17 de setembro, do Plan galego de estatística 2002-2006.



DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

Un. Modifícanse as letras b e c do artigo 24 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de Estatística de Galicia, que quedarán redactadas da seguinte forma:

“b) Non quedarán amparados polo segredo estatístico os datos que sexan de coñecemento público notorio.

c) Non quedarán amparados polo segredo estatístico os datos dos rexistros administrativos propios que non fosen aportados polos interesados como información estatística. Ditos datos, non obstante, gozan da confidencialidade e dos criterios de difusión que lles corresponda segundo a normativa específica que lles sexa de aplicación.”

Dous. Modifícase o artigo 29 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de Estatística de Galicia, que quedará redactado da seguinte forma:

“ Artigo 29

1. A publicación ou difusión dos datos estatísticos farase sen referencias de carácter individual, de acordo coas normas reguladoras do segredo estatístico.

2. As estatísticas comprendidas no Plan Galego de Estatística serán obxecto de difusión pública.”

Tres. Modifícase o apartado 1 do artigo 30 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de Estatística de Galicia, que quedará redactado da seguinte forma:

“1. Calquera persoa pode demandar unha certificación sobre os resultados estatísticos globalizados publicados, que lle será enviada por escrito, en soporte informático ou por calquera outro medio, segundo as características da solicitude.”

Catro. Modifícase o apartado 1 do artigo 35 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de Estatística de Galicia, que quedará redactado da seguinte forma:



"1. Serán aplicables as seguintes sancións:

- a) As infraccións leves sancionaranse con multa de 100 a 500 euros.*
- b) As infraccións graves sancionaranse con multa de 501 a 2.500 euros.*
- c) As infraccións moi graves sancionaranse con multa de 2.501 a 10.000 euros."*

Cinco. Modifícase o artigo 44 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de Estatística de Galicia, que quedará redactado da seguinte forma:

"Artigo 44

Órganos estatísticos sectoriais.

1. Co obxecto de promover o desenvolvemento da actividade estatística na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o aproveitamento das potencialidades estatísticas existentes, designaranse órganos estatísticos nos departamentos da Xunta de Galicia e, se é o caso, nos organismos e entes públicos dependentes dela, que deberán coordinar a súa actividade co Instituto Galego de Estatística.

2. A designación e regulación destes órganos determinaranse regulamentariamente.

3. Os órganos estatísticos sectoriais terán, no desenvolvemento das súas actividades, as seguintes funcións:

a) Elaboración e difusión de estatísticas propias da consellería e dos organismos e entes públicos correspondentes.

b) Elaboración das estatísticas ou fases delas que lles encomenden o Plan Galego de Estatística e os seus programas estatísticos.



c) *Colaboración co Instituto Galego de Estatística na elaboración do anteproxecto do Plan Galego de Estatística e dos proxectos dos seus programas anuais.*

d) *Colaboración co Instituto Galego de Estatística no deseño e na confección dos ficheiros-directorios que utilizarán os órganos e entes da Administración autonómica de Galicia.*

e) *Análise das necesidades estatísticas da consellería e dos organismos e entes públicos correspondentes.*

4. Carácter do persoal estatístico.

O persoal que preste os seus servizos en calquera dos órganos ou entes do sistema estatístico de Galicia e que realice actividade estatística obterá o carácter de persoal estatístico, con independencia do seu nivel e da relación xurídica da que deriven aqueles, sempre que se cumpran os requisitos que regulamentariamente se establezan.”

Seis. Modifícase o apartado 1 do artigo 47 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de Estatística de Galicia, que quedará redactado da seguinte forma:

“1. O Consello Galego de Estatística estará composto polos seguintes membros:

a) O presidente, que será o conselleiro de Economía e Facenda

b) O vicepresidente, que será o director do Instituto Galego de Estatística

c) Un representante por cada un dos departamentos da Xunta de Galicia e un que represente ao conxunto dos órganos superiores da Presidencia

d) Dous representantes do Consello das Cámaras de Comercio Galegas

e) Dous representantes das asociacións de empresarios



- f) Un representante de cada unha das organizacións sindicais máis representativas*
- g) Tres representantes das organizacións profesionais de agricultores*
- h) Dous representantes das organizacións de mariñeiros*
- i) Dous representantes das organizacións de consumidores e usuarios*
- j) Dous representantes da Administración Local*
- k) Un representante por cada unha das universidades de Galicia*
- l) Tres persoas de relevancia profesional no campo da estatística*
- m) Os subdirectores e mailo secretario técnico do IGE, de acordo coa súa estrutura orgánica, con voz e sen voto*
- n) Un funcionario do Instituto Galego de Estatística, que desempeñará o cargo de secretario do Consello, con voz e sen voto”*



DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA

Un. Modifícase o punto 1.1 do artigo 1 da Lei 12/1992, do 9 de novembro, de creación de determinadas escalas de persoal funcionario ao servizo da Xunta de Galicia, que quedará redactado da seguinte forma:

“Artigo 1.1.1. Para o acceso a dita escala será necesario estar en posesión ou en condicións de obter o título de licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente”.

Dous. Modifícase o punto 1.1 do artigo 2 da Lei 12/1992, do 9 de novembro, de creación de determinadas escalas de persoal funcionario ao servizo da Xunta de Galicia, que quedará redactado da seguinte forma:

“Artigo 2.1.1. Para o acceso a dita escala será necesario estar en posesión ou en condicións de obter o título de diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, formación profesional de terceiro grao ou equivalente”.



XUNTA DE GALICIA

DISPOSICIÓN FINAL TERCEIRA

Autorízase ao Consello da Xunta para que dite as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución de canto se prevé nesta Lei.



DISPOSICIÓN FINAL CUARTA

A presente Lei entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2007 ou o seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Assé.: José Luís Méndez Romeu

Conselleiro de Presidencia, Admóns. Públicas
e Xustiza.



ANEXO I. ESTRUCTURA TEMÁTICA

Área 1. Territorio, recursos naturais e medio ambiente

Sección 1.1 Territorio e recursos naturais

Sección 1.2 Medio ambiente

Área 2. Poboación e condicións sociais

Sección 2.1 Poboación

Sección 2.2 Sanidade

Sección 2.3 Educación e capital humano

Sección 2.4 Mundo laboral

Sección 2.5 Benestar, emprego do tempo e participación social

Sección 2.6 Cultura e lecer

Sección 2.7 Vivenda

Área 3. Estrutura produtiva

Sección 3.1 Sector agrario

Sección 3.2 Pesca e acuicultura

Sección 3.3 Enerxía e industria

Sección 3.4 Construción

Sección 3.5 Servizos de mercado

Sección 3.6 Administración pública e outros servizos non de mercado

Sección 3.7 Mercados e prezos

Sección 3.8 Actividade empresarial

Sección 3.9 Sistema de contas



XUNTA DE GALICIA

Área 4. Sociedade da información, ciencia e tecnoloxía

Sección 4.1 Sociedade da información

Sección 4.2 Ciencia e tecnoloxía



ANEXO II. METAS DE INFORMACIÓN ESTADÍSTICA

ÁREA 1. TERRITORIO, RECURSOS NATURAIS E MEDIO AMBIENTE

Sección 1.1 Territorio e recursos naturais

Obxectivo xeral: Dispor de información e avanzar na elaboración de indicadores relativos ao territorio, infraestruturas e recursos naturais.

Metas de información

- 1.1.1 Territorio e infraestruturas
- 1.1.2 Oferta e demanda de solo industrial
- 1.1.3 Recursos naturais e biodiversidade
- 1.1.4 Estática e dinámica forestal

Sección 1.2 Medio ambiente

Obxectivo xeral: Dispor de información e avanzar na elaboración de indicadores relativos ao medio ambiente.

Metas de información

- 1.2.1 Ambiente atmosférico
- 1.2.2 Reservas e calidade das augas
- 1.2.3 Residuos
- 1.2.4 Indicadores ambientais

ÁREA 2. POBOACIÓN E CONDICIÓNS SOCIAIS

Sección 2.1 Poboación

Obxectivo xeral: Afondar no coñecemento da realidade demográfica e da súa evolución futura.

Metas de información

- 2.1.1 Poboación e movementos migratorios



2.1.2 Proxeccións demográficas

Sección 2.2 Sanidade

Obxectivo xeral: Progresar no coñecemento dos recursos sanitarios e dos aspectos que condicionan a saúde da poboación.

Metas de información

2.2.1 Prestacións e recursos sanitarios. Procesos hospitalarios e prestación farmacéutica

2.2.2 Estado xeral da saúde da poboación

2.2.3 Morbilidade

2.2.4 Mortalidade por causas

2.2.5 Consumo de drogas e asistencia a persoas drogodependentes

Sección 2.3 Educación e capital humano

Obxectivo xeral: Dispor da información básica sobre educación e formación e mellorar a súa calidade.

Metas de información

2.3.1 Ensino obrigatorio, post-obrigatorio e universitario

2.3.2 Tránsito do sistema educativo ao mercado laboral

2.3.3 Formación non regrada

Sección 2.4 Mundo laboral

Obxectivo xeral: Progresar no coñecemento do mercado de traballo e das súas tendencias.

Metas de información

2.4.1 Sinistralidade e outras condicións de traballo

2.4.2 Concertación e conflictividade laborais

2.4.3 Mercado de traballo: actividade, ocupación e desemprego



Sección 2.5 Benestar, emprego do tempo e participación social

Obxectivo xeral: Avanzar no estudo da calidade de vida, da igualdade e da cohesión social.

Metas de información

- 2.5.1 Poboación dependente e segmentos sociais con máis necesidades potenciais
- 2.5.2 Vida familiar e a súa conciliación co traballo, emprego do tempo e mobilidade
- 2.5.3 Pobreza e exclusión social
- 2.5.4 Xustiza, seguridade e participación cidadá
- 2.5.5 Indicadores sociais

Sección 2.6 Cultura e lecer

Obxectivo xeral: Avanzar no coñecemento dos recursos e dos hábitos e prácticas culturais e lingüísticas.

Metas de información

- 2.6.1 Equipamentos e recursos culturais, deportivos e para o lecer
- 2.6.2 Produción e oferta cultural
- 2.6.3 Hábitos e prácticas culturais, deportivas e do lecer

Sección 2.7 Vivenda

Obxectivo xeral: Dispor de información básica sobre equipamento e condicións de acceso.

Metas de información

- 2.7.1 Equipamento e características
- 2.7.2 Demanda e gasto

ÁREA 3. ESTRUTURA PRODUTIVA



Sección 3.1 Sector agrario

Obxectivo xeral: Afondar no coñecemento da estrutura e da actividade do sector.

Metas de información

3.1.1 Infraestrutura e efectivos agrarios. Capital e terra: cabanas gandeiras, maquinaria e superficies agrícolas

3.1.2 Características técnico-económicas das explotacións agrarias

3.1.3 Producións e rendementos: sacrificio de gando e producións e rendementos vexetais

Sección 3.2 Pesca e acuicultura

Obxectivo xeral: Afondar no coñecemento da estrutura e da actividade do sector.

Metas de información

3.2.1 Infraestrutura e recursos pesqueiros

3.2.2 Producións e características económicas das unidades de produción do sector pesqueiro

Sección 3.3 Enerxía e industria

Obxectivo xeral: Afondar no coñecemento da estrutura e da actividade industrial.

Metas de información

3.3.1 Produción, distribución e consumo de enerxía

3.3.2 Caracterización do subsector mineiro

3.3.3 Estrutura e dinámica na industria manufactureira

Sección 3.4 Construción

Obxectivo xeral: Dispor de información básica sobre a actividade da construción.

Metas de información

3.4.1 Construción. Rehabilitación e recuperación do patrimonio construído



Sección 3.5 Servizos de mercado

Obxectivo xeral: Afondar no coñecemento da estrutura e da actividade dos servizos de mercado

Metas de información

3.5.1 Comercio interior e transporte

3.5.2 Infraestrutura turística e hostaleira

3.5.3 Movemento turístico

3.5.4 Servizos ás empresas e outros de mercado

Sección 3.6 Administración pública e outros servizos non de mercado

Obxectivo xeral: Avanzar no coñecemento da actividade das administracións públicas e doutros produtores de servizos que non se ofrecen no mercado.

Metas de información

3.6.1 Recursos. Orzamentos e gasto público en áreas de especial interese

3.6.2 Seguimento e avaliación de plans de actuación

3.6.3 Institucións sen fins de lucro

Sección 3.7 Mercados e prezos

Obxectivo xeral: Avanzar no coñecemento dos mercados interiores, das relacións comerciais con outros mercados e da posición competitiva.

Metas de información

3.7.1 Demanda, mercados e axentes

3.7.2 Prezos e índices de prezos

Sección 3.8 Actividade empresarial

Obxectivo xeral: Contribuír ao coñecemento da dinámica económica, financeira, e inclusive estratéxica, que seguen as actividades empresariais, afondando na situación competitiva da empresa galega.



Metas de información

3.8.1 Infraestrutura e demografía empresarial

3.8.2 Características económico-financeiras do sector empresarial

3.8.3 Economía social

Sección 3.9 Sistema de contas

Obxectivo xeral: Consolidar o coñecemento da economía galega, a súa evolución, as súas compoñentes e a relación con outras economías do seu entorno.

Metas de información

3.9.1 Contas económicas e marco Input-Output

3.9.2 Ampliacións do sistema

ÁREA 4. SOCIEDADE DA INFORMACIÓN, CIENCIA E TECNOLOXÍA

Sección 4.1 Sociedade da información

Obxectivo xeral: Progresar no desenvolvemento de indicadores da inserción dos cidadáns, axentes sociais e das empresas galegas na sociedade da información.

Metas de información

4.1.1 Indicadores da sociedade da información

4.1.2 Sociedade da información nos diversos sectores

Sección 4.2 Ciencia e tecnoloxía

Obxectivo xeral: Consolidar e ampliar a información relativa a ciencia e tecnoloxía, en particular sobre investigación e desenvolvemento tecnolóxico e innovación.

Metas de información

4.2.1 Indicadores de investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación

4.2.2 Ciencia e tecnoloxía nos diversos sectores. Recursos e resultados



ANEXO III. DEFINICIÓNS

Actividades estatísticas

Son os conxuntos de tarefas de compilación, elaboración e ordenación de datos ou outra información cuantificable, ademais da publicación e difusión dos resultados, conforme establece o artigo 2 da Lei de Estatística de Galicia. Tamén se consideran como tales as que sexan previas ou complementarias das anteriores, que non fosen incluídas dentro delas, e legalmente esixibles ou tecnicamente necesarias para poder acadar os requirimentos que establecen as normas estatísticas. Asemade, incluíranse as de innovación, investigación e desenvolvemento técnico, metodolóxico e normalizador no eido estatístico.

Operación estatística

É aquela actividade ou conxunto de actividades estatísticas nas que algunha das administracións públicas galegas participe cando menos nunha fase da súa elaboración, a maiores da de difusión. Deberá ademais estar clasificada dentro dalgún dos puntos seguintes:

- a) Censos
- b) Enquisas por mostraxe
- c) Toma directa de datos
- d) Explotacións estatísticas de directorios ou rexistros administrativos
- e) De síntese: sistema de indicadores, números índices, contas económicas e proxeccións.



Operación estatística en cumprimento

Operación que se fai no marco de convenios, acordos, decretos de transferencia ou de calquera outro tipo de norma ou vínculo xurídico, e na que o proceso estatístico xa ven regulado por outra administración diferente á da Comunidade Autónoma de Galicia.

Operación estatística en curso

Operación periódica ou irregular con proxecto técnico e que da lugar a unha serie cronolóxica ou permite a comparanza temporal con outros periodos.

Operación estatística en implantación

Operación que xa dispón de proxecto técnico pero que aínda non se pode considerar que estea en curso.

Operación estatística en proxecto

Operación nova que aínda non dispón de proxecto técnico.

Operación estatística en reestruturación

Operación que viña estando en curso pero que vai sufrir cambios substanciais no seu proxecto técnico.

Á Mesa Do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e a iniciativa de Manuel Ruíz Rivas ao abeiro do artigo 151.2 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte Moción subseguinte á Interpelación substanciada na Sesión Plenaria do día 20 de setembro de 2006 07/INT-0087 (12078) sobre as causas e as medidas adoptadas para solucionar o colapso producido no Centro de Atención de Emerxencias 112 durante a vaga de lumes forestais que asolou Galicia no pasado mes de agosto.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1. Reforzar o Servizo de Emerxencia 112 SOS- Galicia, facendo que sexa realmente operativo as 24 horas e os 365 días do ano, evitando os colapsos, mediante a ampliación das infraestruturas básicas e da tecnoloxía de información e de comunicacións co fin de acadar a resposta adecuada as urxencias e emerxencias que se podan presentar en Galicia.
2. Presentar no Parlamento, dentro do presente período de sesións, o Plan director de atención e xestión das emerxencias de Galicia
3. Dispoñer de medios extraordinarios axeitados, en caso de emerxencia, mediante acordos de cooperación e colaboración con entidades públicas e organismos privados tanto en materia de protección civil como de emerxencias.
4. Depurar as responsabilidades políticas dos responsables en materia de emerxencias e protección civil, procedendo a súa destitución inmediata.

Parlamento de Galicia, 21 de setembro de 2006

Asinado dixitalmente por:
José Manuel Barreiro Fernández na data 22/09/2006
17:26:58
Manuel Santos Ruíz Rivas na data 22/09/2006
17:27:05

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e a iniciativa do deputado Miguel A. Santalices Vieira, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte MOCIÓN, subseguite á Interpelación formulada no Pleno do día 19 de setembro de 2006 (07/INT-0078(11442)) sobre as causas da deterioración asistencial en determinados servizos dos hospitais e especialmente do Complexo Hospitalario de Pontevedra e as solucións que ten pensado poñer en marcha a Consellería de Sanidade.

MOCIÓN

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

1.- Que a través da Consellería de Sanidade, máxima autoridade de sanidade en Galicia, se proceda ó cese da Directora Xerente do Complexo Hospitalario de Pontevedra, habida conta do deterioro asistencial que se está a producir no centro nos últimos 8 meses imputable á súa xestión.

2.- Que os representantes da coordinadora de médicos, elixidos pola mesma, sexan recibidos á maior brevidade posible pola Conselleira de Sanidade, xa que fai varios meses que teñen pedida audiencia coa mesma.”

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2006

Asinado dixitalmente por:
José Manuel Barreiro Fernández na data 22/09/2006 17:28:02
Miguel Ángel Santalices Vieira na data 22/09/2006 17:28:10

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados ANGEL BERNARDO TAHOSES, AGUSTÍN DÍAZ BAAMONDE, JOSÉ MANUEL BALSEIRO OROL, JAIME CASTIÑEIRA BROZ, SUSANA LÓPEZ ABELLA, MANUELA LÓPEZ BESTEIRO, DÁMASO LÓPEZ RODRÍGUEZ E CARMEN JANET SALGADO NÚÑEZ, e ó abeiro dos artigos 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola preocupación que xenera entre a cidadanía de Lugo a posibilidade de que unha inversión fundamental para o futuro da cidade de Lugo e do conxunto da Provincia poida ser destinado a outra cidade e ante a necesidade de que a Xunta de Galicia leve a cabo medidas con carácter de urxencia

Exposición de Motivos

No mes de xaneiro do pasado ano 2005, varios dirixentes socialistas entre outros o Secretario de Organización do PSOE e deputado pola Provincia de Lugo, Sr. José Blanco, anunciaron nos medios de comunicación que Lugo ía ser a sede dun gran centro de reciclaxe de avións que se situaría no Aeródromo de Rozas.

Esta gran promesa que segundo amosan os últimos feitos xa parece que caeu en saco baleiro, significaba para a cidade de Lugo un investimento multimillonario, o que se traducía na xeración de preto dun cento de empregos directos.

Naquel momento tanto José Blanco como o Alcalde de Lugo, o Sr. López Orozco se presentaron como valedores directos deste proxecto que nas súas propias verbas “constituía un proxecto espectacular para a cidade de Lugo, dende o punto de vista do emprego e do desenvolvemento”.

Nos últimos días tivemos coñecemento a través dos medios de comunicación de que esta promesa anunciada a bombo e pratillo polos dirixentes socialistas fracasou estrepitosamente, xa que finalmente será Teruel a cidade que se converta en sede dun gran centro de reciclaxe de avións.

A sociedade galega e dun xeito moi especial a cidadanía de Lugo merece unha explicación o respecto, sobre as xestións realizadas dende as distintas administracións autonómicas para que a cidade de Lugo acade os proxectos que se lle prometeron e que poden ser vitais para o seu desenvolvemento. Os feitos amosan que a inhibición da Xunta de Galicia neste asunto e maila incapacidade do alcalde de Lugo permitiron que Teruel se faga con esta inversión, xa que tanto a alcaldesa de Teruel como o Goberno de Aragón desenvolveron unha estratexia conxunta e coordinada que se materializou nun proxecto técnico e de viabilidade económica que a fai merecedora de sela sede deste Centro de reciclaxe.

POR ISO,

O Parlamento de Galicia insta á XUNTA DE GALICIA a que demande do Goberno central que o Aeródromo de Rozas, sexa a sede do Centro de Reciclaxe de avións.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2006

Asinado dixitalmente por:
José Manuel Barreiro Fernández na data
21/09/2006 10:10:11
Ángel Bernardo Tahoces na data 21/09/2006
10:10:34
Agustín Baamonde Díaz na data 21/09/2006
10:10:55
José Manuel Balseiro Orol na data 21/09/2006
10:11:34
Jaime Castiñeira Broz na data 21/09/2006 10:11:44
Susana López Abella na data 21/09/2006 10:11:59
Manuela López Besteiro na data 21/09/2006
10:12:10
Dámaso López Rodríguez na data 21/09/2006
10:12:24
Carmen Janet Salgado Núñez na data 21/09/2006
10:12:37

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, advertido erro no documento con número de rexistro 12762, prégase se lle adxunten as seguintes firmas:

Asinado dixitalmente por:

**José Manuel Barreiro Fernández na data 21/09/2006
10:26:32**

Roberto Castro García na data 21/09/2006 10:26:47

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 21/09/2006
10:26:57**

Diego Calvo Pouso na data 21/09/2006 10:27:14

Pilar Rojo Noguera na data 21/09/2006 10:27:24

**José Manuel Baltar Blanco na data 21/09/2006
10:27:38**

**Maximino Rodríguez Fernández na data 21/09/2006
10:27:59**

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, e por iniciativa do deputado Manuel Ruiz Rivas, e ó abeiro dos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión polo trámite de urxencia**.

Xustificación da Urxencia

A gravidade da vaga de lumes forestais que afectou á nosa Comunidade Autónoma durante os últimos días; así como as graves consecuencias para o medio ambiente e para moitos cidadáns, esixen a adopción dunha serie de medidas urxentes por parte das distintas administracións.

Exposición de motivos

Durante os pasados días de agosto, vivimos en Galicia unha vaga de lumes forestais de enormes proporcións que afectou irremediabilmente ó medio ambiente pero que tamén puxo en perigo ás persoas e ós bens.

A Xunta de Galicia entre as súas competencias ten a de garantir a seguridade civil e dispoñer para acadar ese obxectivo tódolos medios necesarios. Con ese obxectivo no ano 2002 o goberno do Partido Popular de Galicia elaborou o Plan Galego de Parques Comarcais Contra incendios Urbanos e Salvamento. Este Plan realizado en colaboración coas catro Deputacións Provinciais e cos concellos preveía a creación de 22 parques comarcais de bombeiros, ofrecendo deste xeito un servizo importantísimo ós cidadáns e concellos do rural.

Estes parques comarcais aínda que non esten deseñados especificamente como parques forestais, teñen unha importancia fundamental xa que pola súa localización permiten unha rápida actuación sempre que un foco se atope preto de zonas habitadas. Deste xeito o 35% das actuacións destes parques foron para protexer zonas habitadas do perigo causado polos lumes forestais.

Aínda que a existencia de todos estes parques comarcais non poderían ter evitado os lumes si permitirían unha actuación nos primeiros minutos en que se detectase un foco e polo tanto unha loita máis eficaz contra o lume.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia constatou que o actual goberno bipartito non amosou ningunha iniciativa para continuar desenvolvendo o Plan Galego de Parques Comarcais contraincendios, xa que adía de hoxe hai parques que quedando avanzados non se atopan operativos.

Os feitos ocorridos en Galicia durante os pasados días son unha mostra da importancia de que a administración autonómica poña a disposición dos galegos e galegas tódolos servizos necesarios que garantan unha rápida actuación en caso de perigo para as persoas, para as súas vivendas e as súas propiedades.

Por este motivo o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión:**

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Destinar unha partida orzamentaria especial que permita poñer en funcionamento de xeito inmediato os parques comarcais xa avanzados de: Morrazo, Porriño, Cee, Xinzo, Carballiño e Barreiros.
2. Que ante os danos orixinados nos medios de extinción de que dispoñen os parques comarcais operativos na loita contra os graves incendios forestais que afectaron á nosa

Comunidade nos últimos días, habilite unha partida orzamentaria especial para a renovación dos medios de extinción necesarios.

3. Levar a cabo a consolidación laboral do persoal adscrito a estes parques comarcais para equiparar os seus salarios

Parlamento de Galicia, 19 de setembro de 2006

Asinado dixitalmente por:

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 19/09/2006
12:52:18**

**Xesús Palmou Lorenzo na data 19/09/2006
12:52:32**

**Jose Manuel Castelao Bragaña na data 19/09/2006
12:52:51**

**Agustín Baamonde Díaz na data 19/09/2006
12:53:40**

Susana López Abella na data 19/09/2006 12:53:53

**Antonio Rodríguez Miranda na data 19/09/2006
12:54:04**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 19/09/2006
12:54:18**

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, e por iniciativa do deputado Manuel Ruiz Rivas, e ó abeiro dos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión polo trámite de urxencia**.

Xustificación da Urxencia

A gravidade dos feitos acontecidos en Galicia durante os últimos días producidos por causa dunha gravísima vaga de lumes forestais, esixe que o Parlamento de Galicia impulse unha serie de medidas urxentes en relación con esta traxedia.

Exposición de motivos

Durante a crise acontecida en Galicia por mor da gravísima vaga de incendios que asolou a nosa Comunidade Autónoma, vivíronse numerosas situacións nas que estiveron en grave risco as persoas e bens. Foi por tanto non só unha catástrofe medioambiental que esixía a mobilización de tódolos recursos dispoñibles, senón tamén unha cuestión de seguridade cidadá.

Esta é unha competencia atribuída á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, da que depende a Dirección Xeral de Protección Civil, que neste caso é a responsable de garantir a seguridade de tódolos galegos e galegas, adoptando para iso todo un conxunto de medidas necesarias.

È necesario recalcar o feito de que a Dirección Xeral de Protección Civil conta cun instrumento eficaz para coordinar as posibles emerxencias producidas a causa de lumes forestais, o Plan Especial de Protección Civil ante emerxencias por Incendios Forestais, elaborado polo goberno do Partido Popular, do que se fixo a súa derradeira actualización o 26 de xuño de 2001.

O obxectivo xeral do Plan é que as actuacións ante incendios forestais non sexan froito da improvisación - os feitos amosan que a administración do bipartito improvisou e non estivo coordinada durante esta catástrofe medioambiental e de seguridade cidadá – senón que esten planificadas e coordinadas.

O Plan pretende ofrecer unha resposta rápida, eficaz e coordinada ante calquera emerxencia producida polos lumes forestais na Comunidade Autónoma de Galicia para: evitar a perda de masa forestal, diminuír a superficie queimada polo lume, reducir o tamaño dos grandes lumes e para protexer ás persoas e bens.

Os datos das consecuencias que a vaga de lumes forestais causou en Galicia amosan que ningún deses obxectivos contidos no Plan se acadou durante a xestión desta crise, o que implica que o goberno galego non estivo á altura das circunstancias.

O Plan ocupase de dispoñer os pasos e os responsables encargados de planificar o dispositivo necesario na intervención e de establecer unha adecuada coordinación entre tódalas administracións nestas situacións de emerxencia.

O bipartito non cumpriu durante a xestión desta catástrofe este Plan, nin activou ó completo tódolos mecanismos incluídos neste Plan, por este motivo o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:**

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia á que tendo en conta a experiencia de descoordinación durante esta grave crise medioambiental dos lumes forestais que asolou a nosa Comunidade Autónoma leve a cabo unha actualización do Plan Especial de Protección Civil ante Emerxencias por Incendios Forestais e que cumpra estrictamente o contido dese Plan na xestión de emerxencias deste tipo.”

Parlamento de Galicia, 19 de setembro de 2006

Asinado dixitalmente por:

**Manuel Santos Ruíz Rivas na data 19/09/2006
12:55:57**

**Xesús Palmou Lorenzo na data 19/09/2006
12:56:09**

**Jose Manuel Castelao Bragaña na data 19/09/2006
12:56:22**

Susana López Abella na data 19/09/2006 12:56:34

**Antonio Rodríguez Miranda na data 19/09/2006
12:56:44**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 19/09/2006
12:57:07**

**Agustín Baamonde Díaz na data 19/09/2006
12:57:35**

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e a iniciativa do deputado Ángel Bernardo Tahoces, Diego Calvo Pouso e Marta Cerdido Pintos, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión.**

Xustificación da Urgencia:

A urgencia ben motivada polas recentes noticias de que Navantia Ferrol non poderá optar á construción de cinco buques metaneros que encargarán as compañías Repsol YPF e Gas Natural.

Exposición de Motivos:

Como consecuencia do acordo alcanzado en decembro do 2004 pola empresa pública Navantia e Bruselas límitase a construción civil do Grupo público dependente da Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI) a un 20% da súa facturación global. O restante 80% está destinado á construción e reparación militar.

Parece ser que o veto imposto pola Unión Europea impedirá que o estaleiro Navantia Ferrol poda optar á construción de cinco buques metaneros que encargarán as compañías Repsol YPF e Gas Natural, alcanzando o investimento deste proxecto os 1.000 millóns de euros.

A Unión Europea controla a media de ingresos xerados no período de cinco anos, polo que, fontes da compañía consideran “difícil” a posibilidade de que se asinen máis contratos de obra civil, pese a que non descartarían estudar as ofertas que se puidesen producir.

Non obstante non podemos esquecer de que os principais contratos civís que nestes momentos ten Navantia están sendo executados nos estaleiros andaluces.

Efectivamente, Navantia nos últimos meses viu como se disparaba a súa carteira de pedidos, tanto no sector militar como no sector civil, área esta última sobre a que pesan as limitacións citadas. Nestes momentos a carteira de Navantia supera os 5.000 millóns de euros, o que supón un récord na contratación. ¿Pero quen foi o beneficiario?, ¿Houbo xustiza no reparto da carteira de pedidos?

A resposta claramente é negativa. O estaleiro de Puerto Real (Cádiz) foi o grande beneficiario, perfilándose como a factoría máis polivalente da compañía, na que se fabrican tanto barcos civís como militares.

A Planta contaba cun encargo para a construción dun buque de aprovisionamento de combate, cando o pasado febreiro, adxudicóuselle dous cascos de aceiro dos quimiqueros encargados polo estaleiro vigués Vulcano. A finais do pasado maio, a súa carteira de pedidos volveu a crecer coa firma do contrato para a construción de oito patrulleiras para a Armada Venezolana, sendo a súa execución compartida co estaleiro de San Fernando, tamén en Cádiz. O pasado xuño o estaleiro de Puerto Real conseguiu o pedido para a construción de dous buques para Acciona Transmediterránea.

E na antiga ASTANO, un estaleiro con 800.000 metros cadrados, concibido para albergar a 6.000 traballadores, e que chegou a lanzar ao mar o maior petroleiro do mundo, conta con 360 operarios e dedicado á construción de módulos para o buque de proxección estratéxica que foron encargados por Navantia Ferrol. É por tanto a única factoría da compañía que carece de pedido propio.

Situación que ven determinada, entre outros, por dous factores principalmente, polo modelo que ten Navantia no reparto da carga de traballo entre os seus estaleiros, considerando un só centro de traballo os estaleiros de Ferrol e Fene, e por outra banda a limitación do 20% para a construción civil que opera a nivel da facturación global de toda a compañía, de tal xeito que un só estaleiro pode esgotar a carga de traballo civil de toda a compañía.

Por tanto é necesario cambiar esta realidade, e temos que combater a limitación do 20% para a construción civil, así como o modelo que ten Navantia no reparto da carga de traballo entre os distintos estaleiros.

Polo exposto anteriormente os deputados que asinan esta iniciativa presentan a seguinte proposición non de Lei en Comisión:

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia para que a súa vez solicite do Goberno do Estado o seguinte:

1º.- Que modifique o seu modelo de asignación da carga de traballos entre os estaleiros que a integran, tendo presente a realidade e as posibilidades produtiva de cada un deles.

2º.- Que faga as necesarias actuacións para que a limitación do 20% para a construción civil se aplique a facturación individualizada de cada estaleiro e non a facturación global da Compañía.”

3º.- Que inste á Unión Europea para que permita a construción de buques gaseiros nos estaleiros da Ría de Ferrol.



Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2006



Asinado dixitalmente por:
José Manuel Barreiro Fernández na data
22/09/2006 13:08:07
Ángel Bernardo Tahoces na data 22/09/2006
13:08:20
Diego Calvo Pouso na data 22/09/2006 13:08:27
María Marta Cerdido Pintos na data 22/09/2006
13:08:31
Roberto Castro García na data 22/09/2006
13:08:57
Alejandro Gómez Alonso na data 22/09/2006
13:09:13
Manuela López Besteiro na data 22/09/2006
13:09:26
Aurelio Domingo Miras Portugal na data
22/09/2006 13:09:44
Carlos Negreira Souto na data 22/09/2006
13:10:02
María Luisa Valladares Rodríguez na data
22/09/2006 13:10:29
Alberto Sueiro Pastoriza na data 22/09/2006
13:10:59
José Manuel Balseiro Orol na data 22/09/2006
13:11:15
José Manuel Baltar Blanco na data 22/09/2006
13:11:29
Pilar Rojo Noguera na data 22/09/2006 13:11:39
Maximino Rodríguez Fernández na data
22/09/2006 13:12:01




RS/mv



Teño a honra de solicitar, ao abeiro do artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia –ante o Pleno– do Sr. Conselleiro do Medio Rural para informar **dos proxectos singulares e dinamizadores que se están desenvolvendo no noso territorio.**

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2006.
O director xeral de Relacións Parlamentarias,




Manuel
Manuel Guillermo Varela Flores.

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia.-



RS/mv



Teño a honra de solicitar, ao abeiro do artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia –ante o Pleno– do Sr. Vicepresidente da Igualdade e do Benestar para **informar da situación na que se atopa a posta en marcha do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.**


Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2006.

O director xeral de Relacións Parlamentarias,


 Manuel Guillermo Varela Flores.



Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia.-



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2006 09:30
Nº Rexistro: 12758
Data envío: 20/09/2006 19:32:37

Á Mesa do Parlamento

M^a Tereixa Paz Franco, Ana Belén Pontón Mondelo e María Xosé Vega Buxán, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), e membros da Comisión 7.^a, solicita que se tramite a **Comparecencia** en Comisión do Sr. Secretario Xeral da Consellaría de Medio Rural, para dar conta das circunstancias que concorreron na indemnización e readmisión, en execución da sentenza do Tribunal Constitucional, de 126 veterinarios que foran despedidos no 2002.


Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2006.

Asdo.: M^a Tereixa Paz Franco

Ana Belén Pontón Mondelo

María Xosé Vega Buxán

Deputadas do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2006 09:30
Nº Rexistro: 12758
Data envío: 20/09/2006 19:32:37

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 20/09/2006 19:30:02

Ana Belén Pontón Mondelo na data 20/09/2006 19:30:05

María Xosé Vega Buxán na data 20/09/2006 19:30:17

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e a iniciativa dos deputados abaixo asinantes e ao abeiro dos artigos 98 e 147 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Interpelación urxente**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada polo feito de que xa teñan rematado o prazo para o informe dos concellos afectados.

Recentemente o Goberno galego remitiu aos concellos para informe un proxecto de Decreto relativo á agrupación de Xulgados de Paz de concellos de menos de sete mil habitantes.

Do texto do Decreto parece desprenderse que a súa entrada en vigor vai supoñer a desaparición da inmensa maioría destes Xulgados de Paz coa conseguinte incomodidade para os cidadáns que terán que desprazarse a outros concellos para xestións tan ineludibles e urxentes como as relacionadas co Rexistro Civil.

Polo dito anteriormente os deputados que asinan esta iniciativa presentan a seguinte Interpelación para a súa tramitación urxente:

Supón o proxecto do Goberno que se reflexa no Decreto mencionado a desaparición dos Xulgados de Paz dos concellos non cabeceiras de agrupacións?

Parlamento de Galicia, 20 de setembro de 2006

Asinado dixitalmente por:

**José Manuel Barreiro Fernández na data 20/09/2006
13:03:10**

**Xesús Palmou Lorenzo na data 20/09/2006 13:03:16
Manuel Santos Ruíz Rivas na data 20/09/2006
13:03:27**

**Jose Manuel Castelao Bragaña na data 20/09/2006
13:03:37**

**Agustín Baamonde Díaz na data 20/09/2006
13:03:44**

**Susana López Abella na data 20/09/2006 13:03:55
Antonio Rodríguez Miranda na data 20/09/2006
13:04:01**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 20/09/2006
13:04:10**

**Jose Antonio Santiso Miramontes na data
20/09/2006 13:04:18**

**José Manuel Balseiro Orol na data 20/09/2006
13:04:27**

**José Fervenza Costas na data 20/09/2006 13:04:34
César Pérez Ares na data 20/09/2006 13:04:42**

**Pilar Rojo Noguera na data 20/09/2006 13:04:54
Maximino Rodríguez Fernández na data 20/09/2006
13:05:03**

**Alejandro Gómez Alonso na data 20/09/2006
13:05:09**

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e a iniciativa dos seus deputados ROBERTO CASTRO GARCÍA e JAIME CASTIÑEIRA BROZ, ao abeiro do disposto nos Artigos 98, 147 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación Urxente dirixida ao Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Rural.**

Fundamentación da Urxencia

As declaracións –en sede parlamentaria- do Ilmo Sr. Director Xeral de Montes e Industrias Forestais, comparecendo na denominada “Comisión de Incendios” o día 21 de setembro de 2006, son de tal gravidade que merecen algunhas explicacións urxentes, por parte do máximo responsable da Consellería de Medio Rural.

Exposición de Motivos

Dende o momento no que se produciu a vaga de lumes forestais – en agosto- o goberno de Galicia (dende o seu Presidente ata o Conselleiro de Medio Rural –pasando por cargos intermedios-) tentou xustificar a nefasta xestión da crise amparándose nunha suposta –e non demostrada documentalmente- excepcionalidade.

Ata o de agora, todo foron escusas para xustificar o inxustificable: que si concellos, que si brigadas, que si o nordés, que si individuos con pasamontañas, que si lumes perto de casas, que si convenios... As únicas realidades constatables son que en 10 días houbo 77.000 hectáreas queimadas, nun récord sen precedentes, e que moitísimas galegas e galegos víronse sós fronte ás lapas, abandonados do goberno do noso país.

O goberno de Galicia, e os Grupos Parlamentarios que o apoian, votaron en contra da petición do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, de constituír unha COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN.

Nacionalistas e Socialistas téñense amparado no eufemismo “averiguacións”, para dicir que a Comisión de Incendios aprobada en solitario polos dous grupos que apoian ao goberno, é practicamente o mesmo que o que solicita o Grupo Popular.

Trátase dun engano máis á cidadanía, xa que unha cousa é unha Comisión de Estudio e outra ben distinta, unha Comisión de Investigación. Nin os obxectivos, nin a metodoloxía, nin as conclusións, nin as esixencias técnicas e xurídicas dos comparecentes, coinciden en ámbalas Comisións.

Para rematar cos despropósitos, o Sr. Director Xeral de Montes e Industrias Forestais –comparecendo na Comisión de Incendios- fixo unhas afirmacións que poñen novamente de actualidade a petición do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, de creación dunha Comisión de Investigación.

Si o Sr. Director afirmou na Comisión que “houbo unha planificación criminal”, é preciso investigar quen forma parte desa planificación, quenes son os autores, cales eran os seus obxectivos e a qué intereses respostaban.

Si o Sr. Director afirmou que os concellos gobernados polo PPdeG fixeron unha “sabotaxe”, hai que coñecer cal é a devandita sabotaxe e en qué consistiu.

Si o Sr. Director afirmou que os incendios estaban “perfectamente planificados”, hai que coñecer e investigar quen ou quenes planificaban os incendios, dende donde e con qué fins.

Todas estas afirmacións indican con claridade que –máis que nunca- é necesaria esa Comisión de Investigación que o Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten solicitado.

Tendo en conta estas circunstancias, os deputados asinantes presentan a seguinte INTERPELACIÓN:

- 1.- *¿Coñece o Sr. Conselleiro de Medio Rural as declaracións feitas polo seu Director Xeral de Montes e Industrias Forestais na Comisión de Incendios?*
- 2.- *¿Comunicoulle o Sr. Director Xeral ao seu Conselleiro que ía facer esas manifestacións?*
- 3.- *¿Considera o Sr. Conselleiro que –na vaga de lumes forestais– houbo unha “planificación criminal”?*
- 4.- *¿En qué se ampara o Sr. Conselleiro –no seu caso– para soste esa afirmación?*
- 5.- *¿Comparte o Sr. Conselleiro de Medio Rural as afirmacións do seu Director Xeral, no senso de que os Alcaldes e Alcaldesas do Partido Popular promoveron unha “sabotaxe” na vaga de lumes forestais?*
- 6.- *¿Ten coñecemento o Sr. Conselleiro de Medio Rural dunha “planificación criminal”, na provocación de incendios forestais?*
- 7.- *Si así fose, ¿aportou a Consellería datos ao Ministerio Fiscal ou nalgún xulgado?*

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2006

Asinado dixitalmente por:

**José Manuel Barreiro Fernández na data
22/09/2006 13:37:33**

**Roberto Castro García na data 22/09/2006
13:37:41**

Jaime Castiñeira Broz na data 22/09/2006 13:37:51

**Agustín Baamonde Díaz na data 22/09/2006
13:38:23**

**María Amparo González Méndez na data
22/09/2006 13:38:32**

César Pérez Ares na data 22/09/2006 13:38:47

**Antonio Rodríguez Miranda na data 22/09/2006
13:39:00**

**Carmen Janet Salgado Núñez na data 22/09/2006
13:39:13**

**Jose Antonio Santiso Miramontes na data
22/09/2006 13:39:33**

**Jaime Alberto Pita Varela na data 22/09/2006
13:40:05**

Susana López Abella na data 22/09/2006 13:40:23

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 22/09/2006
13:40:31**

Pilar Rojo Noguera na data 22/09/2006 13:40:44

**Carlos Negreira Souto na data 22/09/2006
13:41:43**

**María Luisa Valladares Rodríguez na data
22/09/2006 13:43:58**

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA
ESTRUCTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
 - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
 - 1.1.1 LEIS
 - 1.1.2 REGULAMENTO DO PARLAMENTO
 - 1.1.3 NORMAS COMPLEMENTARIAS E RESOLUCIÓNS INTERPRETATIVAS DO REGULAMENTO
 - 1.1.4 CONVENIOS E ACORDOS DE COOPERACIÓN CON COMUNIDADES AUTÓNOMAS
 - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.2.1 PROXECTOS DE LEI
 - 1.2.2 PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.2.3 PROPOSICIÓNS DE LEI DE INICIATIVA POPULAR
 - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
 - 1.3.1 PROPOSICIÓNS DE REFORMA DO REGULAMENTO DO PARLAMENTO
 - 1.3.2 PROPOSICIÓNS DE LEI PARA PRESENTAR PERANTE O CONGRESO DOS DEPUTADOS
 - 1.3.3 PROPOSTAS DE CONVENIOS E ACORDOS DE COOPERACIÓN CON COMUNIDADES AUTÓNOMAS
2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
 - 2.1 INVESTIDURA
 - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
 - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
 - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
 - 3.1.1 DECRETOS LEXISLATIVOS
 - 3.1.2 OBXECCIÓNS
 - 3.1.3 DITAME DA COMISIÓN
 - 3.1.4 RESOLUCIÓN DO PLENO
 - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.2.1 COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.2.2 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.2.3 RESOLUCIÓNS APROBADAS
 - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
 - 3.3.1 PROGRAMAS E PLANS
 - 3.3.2 INFORME DA PONENCIA
 - 3.3.3 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.3.4 RESOLUCIÓNS APROBADAS
 - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
 - 3.5 MOCIÓNS
 - 3.5.1 MOCIÓNS
 - 3.5.2 EMENDAS ÁS MOCIÓNS
 - 3.5.3 MOCIÓNS APROBADAS
 - 3.5.4 MOCIÓNS REXEITADAS
 - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
 - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
 - 3.6.1.1 PROPOSICIÓNS
 - 3.6.1.2 EMENDAS ÁS PROPOSICIÓNS
 - 3.6.1.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS
 - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
 - 3.6.2.1 PROPOSICIÓNS
 - 3.6.2.2 EMENDAS ÁS PROPOSICIÓNS
 - 3.6.2.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS
 - 3.6.2.4 PROPOSICIÓNS REXEITADAS
 - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.7.1 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA E A MESA
 - 3.7.2 DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS
 - 3.7.3 OUTRAS RESOLUCIÓNS
 - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
 - 3.8.1 MEMORIA ANUAL DO CONSELLO DE CONTAS E INFORME DE FISCALIZACIÓN DAS CONTAS DO SECTOR PÚBLICO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 3.8.2 INFORMES SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO
4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
 - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
 - 4.1.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN PLENO
 - 4.1.2 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN COMISIÓN
 - 4.2 INTERPELACIÓNS

- 4.3 PREGUNTAS
 - 4.3.1 PREGUNTAS ORAIS EN PLENO
 - 4.3.1.1 PREGUNTAS URXENTES
 - 4.3.1.2 PREGUNTAS AO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA
 - 4.3.2 PREGUNTAS ORAIS EN COMISIÓN
 - 4.3.3 PREGUNTAS PARA RESPONDA POR ESCRITO
 - 4.4 RESPONDA A PREGUNTAS
 - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
- 5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
 - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
 - 5.3 VALEDOR DO POBO
 - 5.3.1 NORMAS RELATIVAS AO VALEDOR DO POBO
 - 5.3.2 INFORMES DO VALEDOR DO POBO
 - 5.3.3 RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO
 - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
 - 5.4.1 NORMAS RELATIVAS AO CONSELLO DE CONTAS
 - 5.4.2 INFORMES DO CONSELLO DE CONTAS
 - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓNS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
 - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
 - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
 - 6.5 VOCAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
 - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓNS DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
 - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
 - 6.8 VOCAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
 - 6.9 VOCAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
 - 6.10 DELEGACIÓNS PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
 - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 7. COMPOSICIÓNS DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓNS E FUNCIONAMENTO
 - 7.1 COMPOSICIÓNS DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
 - 7.1.1 COMPOSICIÓNS DO PLENO
 - 7.1.2 COMPOSICIÓNS DA DEPUTACIÓNS PERMANENTE
 - 7.1.3 COMPOSICIÓNS DA MESA DO PARLAMENTO
 - 7.1.4 COMPOSICIÓNS DA MESA-XUNTA DE PORTAVOCES
 - 7.1.5 COMPOSICIÓNS DAS COMISIÓNS
 - 7.1.6 COMPOSICIÓNS DA MESA DAS COMISIÓNS
 - 7.1.7 COMPOSICIÓNS DOS GRUPOS PARLAMENTARIOS
 - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.2.1 NORMAS DE RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.2.2 ESTATUTO DOS DEPUTADOS E GRUPOS PARLAMENTARIOS
 - 7.2.3 ORZAMENTO DO PARLAMENTO
 - 7.2.4 CONTA XERAL DO PARLAMENTO
 - 7.3 ORGANIZACIÓNS E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
 - 7.3.1 CONSTITUCIÓNS DO PARLAMENTO
 - 7.3.2 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓNS POLAS QUE SE CREAN COMISIÓNS
 - 7.3.3 CONVOCATORIAS
 - 7.3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS E COMUNICACIÓNS DOS ÓRGANOS DA CÁMARA
 - 7.3.4.1 CONVALIDACIÓNS DOS ACORDOS DA DEPUTACIÓNS PERMANENTE
 - 7.3.4.2 NORMAS DE FUNCIONAMENTO DE COMISIÓNS NON PERMANENTES
 - 7.3.4.3 PRÓRROGAS DOS PERÍODOS DE SESIÓNS
 - 7.3.4.4 HABILITACIÓNS DE DÍAS HÁBILES
 - 7.3.4.5 DÍAS E HORAS DE REXISTRO DE DOCUMENTOS
 - 7.3.4.6 OUTRAS RESOLUCIÓNS E ACORDOS
 - 7.3.5 DISOLUCIÓNS DO PARLAMENTO
 - 8. ADMINISTRACIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA
 - 8.1 ORGANIZACIÓNS E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
 - 8.2 PERSOAL
 - 8.3 ACTIVIDADES
 - 8.3.1 CONTRATACIÓNS ADMINISTRATIVA
 - 8.3.2 XESTIÓNS ECONÓMICA
 - 8.3.3 CONVENIOS E ACORDOS
 - 8.3.4 AXUDAS E BOLSAS
 - 8.3.5 PUBLICACIÓNS
 - 9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
 - 9.1 INFORMACIÓNS
 - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
